



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2007.-**

<u>Sres. Asistentes.</u> <u>Sr. Alcalde.</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> D ^a María Victoria Montenegro Paz. D. José Juan Vilasánchez Pazos D ^a Ana María Fernández Coira. D. Jose Salvador Ferreiro Montenegro. D. José Manuel Cendán Fernández. D. Francisco Echevarria Lage. D. Fernando Otero Prieto. D ^a Mercedes Grande Regueiro. D ^a Josefina Martínez Martínez. D. Manuel Rodríguez Doval. D ^a María Belen Abeal Pérez. D. Luis Cendán Fernández. <u>Sr. Secretario.:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e sete minutos do día vinsete de decembro de dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D.Manuel Larrosa Rodríguez.
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBARA O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2007.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación a acta da sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 25 de Outubro de 2007.

Punto núm 2.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL DE 19 DE NOVIEMBRE DE 2007.-

Dada conta da Sentencia do Xulgado do Social de Ferrol de data 19 de novembro de 2007, na que se emite o seguinte **FALLO**:

" Que estimando la demanda interpuesta por D^a LAURA MENDEZ MARTÍNEZ, contra **CONCELLO DE ARES**, debo declarar y declaro la improcedencia del despido efectuado, y condeno a la parte despedida en su puesto de trabajo como trabajador por tiempo indefinido y no fijo de plantilla en las mismas condiciones que regían antes del despido o le abone una indemnización de 1068,33 euros, entendiéndose que si no opta en el plazo de



cinco días procederá la readmisión, y, en todo caso, a que le abone los salarios dejados de percibir a razón 23,74 euros diarios, y que hasta la fecha de la presente sentencia alcanzan la cantidad de 2032,84 euros.

Notifíquese esta resolución a las partes y hagaseles saber que contra la misma cabe RECURSO DE SUPPLICACIÓN, a anunciar dentro de los cinco días siguientes a la notificación de la sentencia, ante este Juzgado del que se conocerá en su caso, la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, tal como establecen los artículos 188 y ss. del Texto Refundido de la Ley de Procedimiento Laboral aprobado por Real Decreto Legislativo 2/95 de 7 de abril.

Así por esta mi sentencia definitivamente juzgando en primera instancia, lo pronuncio, mando y firmo".

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 3.- DAR CONTA DO AUTO DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 09-11-07.-

Dada conta do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol de 09-11-07, do que a súa parte DISPOSTIVA, seguidamente se transcribe:

"PARTE DISPOSITIVA.

En atención a lo expuesto, **DECIDO:**

COMPLETAR LA SENTENCIA dictada en estas actuaciones de procedimiento abreviado con fecha 25 de octubre de 2007, en el sentido de reconocer también el derecho del recurrente al cobro de los intereses legales, sin imposición de costas.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que contra ella NO CABE RECURSO ALGUNO".

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 4.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO T.S.X.G 8-11-2007.-

Dada conta da Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 8 de novembro de 2007, na que se emite o seguinte FALLO:

"**FALLAMOS:** Desestimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por CONCELLO DE ARES (A CORUÑA) contra RESOLUCION DE 3-11-03, por



INFRACCIÓN DE LA LEGISLACIÓN DE COSTAS, EN EL LUGAR DENOMINADO PLAYA DE SESELLE sin especial mención en cuanto al pago de sus costas procesales.

Esta Sentencia no es susceptible del recurso de ordinario de casación del artículo 86 de la L.J.C.A. de 1998."

O Concello Pleno por unanimidade acorda darse por enterado.

PUNTO NÚM. 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE ORZAMENTO 2008.-

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que vai a reproducir a intervención exposta na Xunta de Portavoces: Considera que entraemos nunha recesión económica, o crédito é moito aínda que reconece que sempre hai incrementos de obra. Sobre o Clube de Remo, sinala que en Ares hai 25 ou máis Entidades. Asimismo destaca que un incremento total do Orzamento sobre o ano 2006, é dun 34,79%, e respecto do Capítulo de Gastos e Ingresos, considera que vai a ser difícil recaudar un millón de euros por ICIO. Esta estimación é difícil de cumprir, non a considera creíble, e sinala que os datos da liquidación do orzamento van a ser negativos, co que ó aforro neto, vai ser negativo e insiste en que é un tema a reconsiderar. Destaca o incremento da débeda pública, a un 65%. Considerando excesivas as operacións de prestamos cando vai ser necesario acudir a unha para expropiación de terreos.

O Sr. Luis Cendán Fernández, sinala que se incrementan os gastos correntes e de persoal, pasando de 1.200.000 euros, a un 1.800.000 euros, e considera que hai carecencia de servicios. Estima que se pode saír un aforro negativo, esto vai a mermar o futuro das políticas económicas sucesivas, e insiste en que debería reflexionar. Estima que o limite de toda decisión política, debe ser o limite da capacidade económica, e así sinala que se crean 4 prazas de Auxiliar da Policía Local, un Xerente de Urbanismo que non se saben as súas funcións, e estima que hai negociados que requiren máis recursos. Hai que ser máis cautos, sigue na súa exposición facendo referencia a un Educador Social, un Periodista, dous Arquiteiros e sobre a cuadrilla de praias, o Concello ata agora se adaptaba as subvencións que se lle concedían e había unha limpeza bastante óptima. Con relación as Inversions, se fai unha aposta pola compra de terreos, (Casa do Patín), a cal considera que agora non é prioritaria e podería esperar a súa adquisición. Sinala que se aposta pola compra dunhas embarcacións, por 25.000 euros, para unha escola de Remo, e reitera, que esta é unha aposta moi perigosa, pois en Ares hai moitas entidades e pode haber agravios comparativos. Sobre o Numancia se propón acudir a unha operación de prestamo, por importe de oitenta mil euros, por unha decisión unilateral do Sr. Alcalde que eu apoio e con bo criterio, sendo coñecedor de que xa hai un compromiso de subvención por parte da Deputación. En relación coa EDAR, considera que as expropiacións son necesarias, pois a EDAR é fundamental. Sobre as subvencións a Entidades Culturais e Deportivas, lembra que hai un regulamento que as regula a concesión das mesmas, e a Alcaldía na máis chegar deu 3000 euros á Comisión de Festas do Carne, e sinala o Sr. Luis Cendán Fernández, que se non temos ningún rigor presupuestario, nos vai a pasar o que esta pasando: "o



orzamento vai quedar embargado para darlle encaixe a outras facturas". Aconsella que é preferible subir a subvención a estos eventos ou facer unha Comisión de Festas. Asemesmo recalca que polo Xunta de Goberno se aproba un contrato menor a unha persoa **"Asesor Cultural Deportivo"** cando o Concello ten recursos, insiste en que hai que optimizar os Recursos Personais. Aquí non pasa nada por contratar a persoas sin consignación, aínda que reconece que a lei ampara o Alcalde pero insiste en que hai que ser cauteloso.

O Sr. Luis Cendán Fernández, dalle un Consello ó Sr. Alcalde: modere o gasto de persoal e gasto corrente.

Seguidamente o Sr. Rodríguez Doval, como cuestión previa expón que hai tres consideracións previas: Levamos sen orzamentos casi dous anos. Houbo unha crise de goberno, con cuestións moi personais. Os cidadáns optaron por un cambio de Goberno, e elo implica unha nova orientación económica, unha obriga de xestionar os fondos públicos doutro maneira, mais achegada ás necesidades da xente. A situación e que debese saber de onde se parte, e saber o lastre que arrastramos. A Auditoria que pedimos podería estar hoxe aquí. Nos pensamos que debemos cambiar a política orzamentaria. E sinala que nos tomamos no seu día a decisión de votar a favor da modificación de créditos que veu a Pleno para non atar ó goberno, e insiste que non vivimos de redivos, o Sr. Rodríguez Doval, di que hai que diseñar unha nova política orzamentaria e sobre as formas sinala que hai que ser mais cuidadosos: a Comisión Informativa de Facenda foi o 18-12-07, e lembra que falou co Sr. Secretario para preguntarlle se lle ían dar un exemplar do orzamento, sendo informado que así ía ser, e logo me foi entregado 5 minutos antes do comezo da Comisión Informativa, aínda así de todas maneiras fixemos o noso traballo, o proceso non foi un exemplo de participación, acto seguinte o Sr. Rodríguez Doval analiza os capitulos de Ingresos e Gastos.

No apartado de Ingresos, o orzamento é continuista, xa estabamos preocupados co orzamento do ano 2006, e considera preocupante a previsión de recadación polo ICIO, coa actual situación de retroceso inmobiliario, estamos nunha fase de estancamento, a previsión de un millón de euros por ICIO é excesivos, e por outra banda a apelación ó credito é preocupante, aínda que estamos dentro dos parametros que permite a Lei.

No apartado de Gastos, expón que hai que priorizar en cinco lineas básicas:

- Ampliación e Creación de novas infraestructuras.
- Ampliación dos Servicios de Lecer, etc.
- Mantemendo e reforzo das políticas sociais.
- Promoción política Asociativa
- Posta en valor dunha politica de persoal eficaz.

O Sr. Rodríguez Doval, expón que nembarganes hai vairas lineas nas que coindimos: facernos con solo; estima que perdeuse unha gran oportunidade, monetarizando



os aproveitamentos urbanísticos, en lugar de quedarnos con Patrimonio, e asemesmo con relación á mellora das infraestruturas Deportivas, como é o Campo de Fútbol do Numancia e a Piscina co Concello de Mugardos.

O orzamento e un todo e non se avalia por dez ou doce cousas se avalia polo conxunto.

Sinala que discrepamos con esta nova Corporación que inclúe 330.000 para pagar os remates da Casa do Concello, o cal unha parte é ilegal, e tamen é hora de coñecer o proxecto de Saneamento de Chanteiro. En relación ó POS 2008, expón que definiron un proxecto de renovación da rede de saneamento do Casco Urbano de Ares, estamos diante dun proxecto de moita embergadura. Non hai partida aberta para unha 2ª fase con criterios de continuidade. Falta consignación económica para facer chegar a auga a outros lugares de Ares e a negociación coa Comunidade de Usuarios de Redes.

En relación coa rede viaria local, manifesta que ten un documento da Deputación, que di que a situación é pésima, e considera que non se pode aplicar unha política de parcheo, cos 95.000 euros que figura para a rede viaria municipal.

Figurando para o aparcadoiro de Seselle 93.000 euros, casi a mesma cantidade para unha actuación puntual que para todo o Concello.

No referente a recollida do lixo-alumado público, preguntase cal é o grado de satisfacción dos usuarios, nos gustaría que se revisará, e se estudiara a posibilidade da recollida todos os días nas zona rural.

Con referencia á Política Cultural e Deportiva: Feito o paso trascendental co Numancia a día de hoxe non hai unha regulación do uso, urximos unha aclaración do tema e regulación de como vamos a xestionar esa infraestrutura, e a creación dun posto de traballo para esas instalacións. Incide que hai dualidade en deportes, pois fai quince días contratouse a outra persoa como Asesor, considera que debemos de evitar solapamento de postos pois no orzamento figuran 36.000 euros para un contrato de Asistencia a Cultura e Deportes, e preguntase ¿que criterios teñen para esta política?, ¿hai que gastar 36.000 euros para un campo que xa está atendido por dúas persoas.

En relación coa biblioteca considera incompresible que se dote soamente con 1000 euros, e considera que e necesario estruturar un novo marco de relacións coas Entidades Culturais e Deportivas, abogamos por unha política que leve menos a subvención, en lugar de a colaboración mediante a modalidade de Convenio. Significando que se lle diron 1200 euros á Peña Rodaballo, cantidade que non se vai a dar as Entidades.

A día de hoxe non sabemos aínda a contía das subvencións a Entidades Culturais e Deportivas, hai agravios comparativos como o exposto anteriormente, e estima que o dereito básico á información é fundamental. Sobre a aportación de 25000 euros o Clube de Remo para unha Escola de Remo, pregunta como se vai a xestionar, por parte de quen, e



estaría ben que se nos entregase aquí cal é a filosofía da Escola de Remo, teño dereito a saber en que consiste, non podo estar en contra nin a favor dunha cousa que descoñezo.

NAL na súa intervención di que os 25000 euros para o Clube de Remo son para embarcacións, cando el considera que non se sabe.

Sobre Santa Catalina, expón que en dous anos sen orzamento pasaron moitas cousas. Temos unha situación diferente, e preguntase ¿se non temos a cesión, como mantemos a taxa? ¿quen a paga? ¿si o Ministerio de Defensa tolera o uso que se fai do Mosteiro?. Expón que non quere darlle o Mosteiro o INSERSO, quero debater o uso do mesmo, cun Plan Director, pero con 19.000 euros pouco se fai, e volve a preguntar ¿en mans de quen está?.

Significando o Sr. Rodríguez Doval que nos faltan moitas cousas: A taxa de paro na poboación é elevada. O Concello de Ares debería contar cunha Escola Obradoiro, orientada á restauración- hostelería e restauración-rehabilitación do Patrimonio Artístico e Cultural. Sobre a Galescola, incide que vai a significar gastos para o Concello e lembra que fai un mes debateuse sobre a viabilidade sobre un ARI-PEPRI etc., non figurando partida para estas actuacións, significando que vota en falla unha partida para a oficina de Turismo.

Sobre a RPT, aplausos para a mesma, ¡por fin! animo a que se revisen as actas, e ver quen animou via moción a facer a RPT, e engade que gobernar non implica falta de coherencia no Plano Laboral, e recalca que se fixemos unha viaxe cun cambio non é para volver, e así sinala que na última Xunta de Goberno renovouse un contrato que a nos non nos gusta, como tampouco nos gusta ese Tecnico Asesor Cultural e Deportivo, e pregunta porque non se dota unha Praza de Arquitecto, pois en Ares estaría xustificado.

Asemesmo destaca que non se xustifican os 23373 euros do capataz, e os 23.400 do que percibe o Monitor Deportivo, eso é durísimo, tremendo, que cobre igual esta persoa que unha persoa que saltou a valla, porque todos sabemos como se cubreu a praza de Capataz. En definitiva este non é o noso orzamento, e estima que os apoios estarán garantizados por outro lado.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández o cal manifesta que si a cidadanía pideu un cambio o P.P. foi o máis votado. Nos entramos a gobernar no ano 1999, e había un desaforro dun -23%. A partir desa data sempre pechamos con liquidacións favorables, e en relación ó ano 2007, eu como Alcalde mandei facer, o orzamento que ascendía a 6.539.000 Euros e que por diversas circunstancias o mesmo non foi adiante. Sempre que presupostabamos o ICIO, lembra que vostede (dirixíndose ó Sr. Rodríguez Doval) dicía que era imposible de facer esa recadación e duplicabamos ou triplicabamos esas previsións. O ICIO consignado consideramos que non se vai a cubrir e o estamos vendo nas Comisións Informativas coas escasas obras. Avisa ó Sr. Alcalde coas operacións de prestamo que ten previstas efectuar pois as considera excesivas e sobre a Casa do Patin manifestou que ía haber unha achega. A EDAR estima que é urxente. En relación as monetarizacións



efectivamente as mesmas se fixeron pero este Concello desde o ano 99 ten un gran Patrimonio que no ano 99 non había cando agora hai un AZ cheo de escrituras de propiedades. E manifesta que gracias a eso vaise levar a cabo a Galescola, Centro de Día, aparcamento en REdes, Chanteiro, etc. Pide que o Goberno sexa cauto, e vemos un incremento de cen millóns de pesetas, vendo que hai partidas de inversións non recollidas e a tal efecto presentará unha emenda referente as inversións do PRODER nas que van os tres parques infantis de Lubre, Cervás e o Porto, por importe 33.464 Euros, imos entrar con estes proxectos por fallar outros proxectos doutros Concellos e por renuncias, e lembra estas consignacións xa estaban no proxecto do orzamento do 2007.

Sinala o Sr. Manuel Cendán Fernández, que debemos seguir na línea de subvencións con rigor no reparto, e anuncia que vai a presentar dúas emendas, inclusión de obras do PRODER e incremento de dotación a Grupos Políticos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, en primeiro lugar respondendo a NAL, lle pregunta ¿onde estubo vostede durante os últimos oito anos? todos sabemos onde estubo, e non deixa de sorprendeme que o Concelleiro de Facenda dos últimos 8 anos, é responsable de que houbera unha prórroga do orzamento 2006, e de que o 70% deste presuposto está destinado a pagar o que se debe, veña agora dando leccións. O Sr. Alcalde matiza que houbo que tirar un ano con inversións sen partidas pero os veciños demandaban inversións. Sabemos as limitacións e quedan 3 anos para facer outros presupostos. Apostamos por dúas Entidades Deportivas, nun apoio decidido o Deporte e os xovenes, e nos non imos a permitir que os rapaces esten comendo pipas nos portais, e queremos a Casa do Patin para darlles locais os rapaces, e vaise adicar a Casa da Xuventude. Apostamos polo Clube de Remo e o Numancia como as dúas Entidades máis numerosas, e o Clube de Remo ten campións de España.

O Sr. Alcalde respotando o BNG, expón que o tema dos aliados é a 3ª vez que o escoita, o único aliado foi vostede que saliu Alcalde cos votos P.P., para expulsar a unha candidata Socialista da Alcaldía. Sobre as formas sinala que houbo unha Xunta de Portavoces o día 18, e pareceulle razoable a súa postura e se aceptou a súa proposta de facer unha nova Xunta de Portavoces para seguir tratando os orzamentos, a que vostede non apareceu. Unha das causas do desequilibrio que vostede alega, e desequilibrio na consignación do ICIO. Evidentemente a construción gozou de vida durante a etapa do Sr. Luis Cendán, nembargantes a consignación vai pola metade pois a EDAR ten que tributar e insiste que soamente se presuposta un millón de euros, cando a liquidación da EDAR poder superar os dous millóns cen mil euros, asemesmo vamos a practicar liquidacións definitivas do ICIO, cousa que ata agora non se comprobaba. E unha pena que o Numancia non haxa recibido a subvención da Dirección Xeral do Deporte, que depende do B.N.G. Sobre a piscina expón que hai un Alcalde do BNG en Mugar dos que non sabe decirme cando se vai a empezar a obra, cando a de Cariño que foi aprobada simultaneamente que a nosa xa está rematada. Sobre as políticas sociais recalca o transporte adaptado e o Centro de Día, e unha obra que non recibiu o seu apoio. Sobre a RPT expón que vostede lamenta que non se haxa feito, cando é necesaria dispoñer de consignación presupuestaria. En relación ós 330.000



euros do Concello, expón que estamos legalizando a situación do Concello, e os menos culpables da situación son os provedores. Sobre a actuación da separación de augas pluviais e fecais, vaise levar a cabo e vamos a actuar en mais ruas, pero quere recordar que van cinco meses, e xa se actuou en cinco ruas. Nin todo pode ir no 2008, e insiste que son orzamentos de transición. Sobre os abastecementos de Redes, Cervás e Chanteiro, vaise solucionar e lembra que un Alcalde do B.N.G puxo unha aceleradora que nos corta o auga. Mugardos prioriza o consumo Industrial sobre o consumo humano, e lle prego que vostede colabore para poder dar auga a Chanteiro e Cervás.

Rede viaría: Este goberno ten máis de dez proxecto que estanse estudiando e se levaran a cabo por política territorial, e insiste que quedan tres anos máis de mandato e lle prega que lle deixe chegar ó 2011. En relación co contrato do Asesor Cultural e Deportivo expón que en cinco meses, algo se notou a súa Actividade. O Técnico de Deportes traballa na súa Area sendo necesario coadyuvar, destacando que os Concelleiros traballan todos os fines de semana en materia cultural, e cita como exemplo que estamos traballando no diseño Corporativo, esas son actuacións concretas. Son legais e podense criticar. Sobre as subvencions concedidas a competencia é da Xunta de Goberno e antes de aprobar as mesmas, trasladaron os criterios de concesión e vostedes fiscalizaron e as critican se queren. Sobre a Peña Rodaballo, resalta que presentou un campionato internacional, promocionando a praia da Campa. En relación o Clube Marítimo asemesmo recibiu axudas e sobre a escola de Remo a Consignación é para a compra de embarcacións de banco mobil, pero lembra que vostede non veu á segunda Xunta de Portavoces na que se explicou este destino. En relación ó Mosteiro de Santa Catalina, insiste en que unha cousa é a propiedade e outra a posesión, ninguen nos esixiu a devolución e en todo caso reitera que a cesión foi revogada en novembro de 2006. En todo caso os poseedores nos facemos caso do mesmo, e hai unha situación de feito que estamos tratando de regularizar, e en todo caso hai que esperar ó Plan Director, e tamén via consorcio, terá viabilidade o Mosteiro. Sobre a súa indicación de non darlla ó INSERSO, e como dicir que se caiga, pois o deterioro continua e recalca que en Ares, tamén hai xente maior. En relación á política laboral o Conselleiro de Traballo adquiriu compromisos e intentárase obter un obradoiro, pero non pretenda vostede que en cinco meses faga máis, pois aínda case hai catro anos por diante. En relación o Cemiterio, que é un problema que temos que solucionar expón que hai un ofrecemento dun propietario que dispón de 26 ferrados e pode saír gratis. En relación os cascos urbanos de Ares e Redes, vostede se abstivo na miña proposta na que apostaba por rehabilitar os mesmos, sendo de destacar que o COAG vai a colaborar en proxectos.

O Sr. Alcalde, sinala que o pacto autonómico, entre os dous partidos PSOE-BNG era apoiarse reciprocamente, e se vostede pretendía viaxar connigo, para votar a Isabel Margharetto lle digo que non. En relación cos apareladores obtouse por pasalos a xornada completa, así como un Xerente de Urbanismo que será nomeado por libre designación e que non vincula a futuros gobernos. En definitiva reforzouse o Urbanismo.

Sobre o capataz e o técnico deportivo a vostede lle vale todo. Considera que vía orzamento non se debe resolver os problemas retributivos, se non vía RPT, na que se



resolveran os agravios, e se faran os incrementos que correspondan. Sinala que efectivamente a este Técnico se lle van a recoñecer as súas funcións, así como tamén os traballadores da Nave os cales espero en 4 anos se lles suba un 20%. Dame rubor ver os seus soldos.

O Sr. Alcalde dirixíndose ó Sr. Rodríguez Doval, di que todo o bon e o feito por vostede, e todo o malo polo PSOE. Matiza que todo o bon gozou de unanimidade excepto o BNG: GALESCOLA- CENTRO DE DIA, e vostede nunca colabora nada con nosoutros.

Seguidamente o Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta dirixíndose ó Sr. Alcalde que vostede foi duro connigo e non me mete medo. Así fruto da miña xestión vostede esta disfrutando deste edificio etc. En relación coa licencia do edificio, a competencia e municipal e a mesma esta avalada por informes dos Técnicos, e manifesta que sempre hai que asumir compromisos doutros, como lle pasará a vostede. Lembra que vostede sempre votou non a todos os orzamentos e a casi todos os acordos municipais, e lembra tamén que inclusive vostede non votou a favor do I.P.C das taxas que era unha obriga por Lei, e meteronlle ó Concello un endebedamento de 6 millóns de pesetas, aproveitando da minoría en que quedou o goberno municipal, en relación as resolucións de pago este Concelleiro xestionou coa Deputación un programa e fumos pioneiros na comarca, e sinala que tivo responsabilidades de Facenda, ata que unilateralmente me cesaron. En relación ó orzamento considera que hai que buscar encaixe de facturas, que hai dun proveedor, estou orgulloso da miña xestión, e considera que hai que facer menos parefernalia e ter máis adicación. Compare a xestión cultural de antes e de agora, e vera que non fai falla ter tanto técnico. Heredamos un Urbanismo do PSOE desastroso e cando contratamos dous apareladores nos criticaron e agora con menos volume de traballo se reforza o servizo cun Xerente e dous Auxiliares, cando aquí un portavoz aposta por un Arquitecto. O edificio máis emblemático son Alianzas Aresanas e non vai a expoñer como as deixaron vostedes. Veño a dar a miña humilde opinión e considera que estamos obrigados a contemplar as malas expectativas económicas no documento. O Secretario nos fai un chamamento a unhas herencias e compromisos políticos do PSOE-BNG: Escola Taller, e quere recorda que a última liquidación de facenda esta en 80 millóns de pesetas, amáis unha demolición dunha obra que é a de PAFERSAN, ou a obra de Cervás cunha Sentencia firme de Demolición. En canto á Sentencia do Tribunal Supremo sobre o Plan Xeral, según ben advertindo o Secretario que a Sentencia virá neste mes. O Sr. Luis Cendán Fernández, insiste que se se trata de votar en cara cousas, mire onde podemos acabar. Fun cesado unilateralmente e polo Alcalde mandouse facer un orzamento cun desfase importante. Sobre as axudas as Entidades, eu trataba de darlles suxerencias, pois antes ían previamente a Comisión Informativa, agora aproban os criterios e logo aproban as axudas sen contar connosco. En remo lembra que todos os anos quedei campión galego e participei en campionatos nacionais, e considera por coñecemento que o clube de Remo ten medios dignos. Vostede me forzou a esta explicación.



A continuación o Sr. Rodríguez Doval, manifesta que viu a falar dos orzamentos do 2008, e desde logo me fago responsable de todo o que fixen. E dirixíndose ó Sr. Alcalde di que non lle pedin que en 6 meses faga todo. Eu lle pido cousas prioritarias, as cales veño dicindo dende hai oito anos. Isto é parlamentarismo e a mín a xente pideme cousas que corresponden ó meu programa político. Hai 10 anos saín escoltado pola Garda Civil, por dar a cara por un Alcalde: o Sr. Vilasánchez Pazos e por un Concelleiro de Urbanismo que non era do BNG, e preguntalle o Sr. Alcalde de onde quita vostede que eu non colaboro, e recalca que ninguén me chamou para negociar os orzamentos. Considera que é patético que lle informase da miña ausencia da Xunta de Portavoces e logo vostede me vota en cara a ausencia. Non dúbido de pagar a provedores pero pido un debate. E teño nas mans a acta da súa intervención no último orzamento. O Sr. Rodríguez Doval lembra que o seu coche foi transporte dos rapaces do Clube de Remo, e aquí todos coñecemos as carencias das Entidades, e compare vostede as actividades do ano 2007 coas de hai 10 anos cando non tiñamos medios e había un orzamento de 100 millóns de pesetas, e non como agora que é un orzamento de mil millóns de pesetas. Eu non vivo da confianza dos meus, senón da capacidade de xestión, e non se pode poñer trabas á colaboración entre Concellos por un problema dunha aceleradora, pois en todo caso ese tema ven de cando gobernaba o PSOE en Mugardos. Considera que non hai presión na auga en Ares, non é pola aceleradora que instalou o Concello de Mugardos, senón por non facer o Concello de Ares, os seus deberes e así entereime a maiores de que os depositos nosos non se usan, cando podían dar solución a situacións puntuais. O Sr. Rodríguez Doval expón que non cree que pola trama urbanística do Concello de Mugardos non se deba de falar co Alcalde do Concello de Mugardos. En relación a súa designación como Alcalde a Asemblea Local do BNG acordou darlle o apoio. Non está vostede en debeda connigo, esta en debeda coa xente que espera cousas de Vostede. En relación coa GALESCOLA, matiza que nos abstivemos pola ubicación e volve a insistir na falta de apoio que sufriu coa proposta do PEPRI para Redes, e nos soamente pedimos unha partida para colaborar coa achega municipal. Eu non veño a falar do meu pasado.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, manifesta en relación a Casa do Concello, que ten licencia municipal, e que a mesma está informada polos Técnicos Municipais, e o autor do proxecto, e mentras non se pronuncie o Xulgado este edificio é legal. Sobre o tema do Numancia o mesmo plantexouse cando se iniciaron as actuacións. Nos pedimos que fose público é a maiores actuamos co Pavillón Polideportivo e a Piscina. En relación cos Aparelladores expón que xa houbo unha Arquitecta e optamos por dous Aparelladores, e inclusive gañamos un recurso-contencioso administrativo o COAG. Os arquitectos so saben diseñar e de raias, pero non saben de obras. E máis efectivo dispoñer dun aparellador que dun arquitecto. En relación co tema da aceleradora insiste que foi un Concello do PSOE, o cal levou a cabo a actuación e recorda que antes da instalación da mesma non tiñamos problemas. Sinala que o Concello de Mugardos, nunca fixo os deberes e perde moita auga. Sobre o orzamento lembra que en xaneiro mandoulle o Secretario e a Tesoureira facer o anteprojecto de orzamento e aínda non había cesado a ninguén. E todo o mundo sabe que NAL xa estaba inscrito o 20-12-06, cando eu os cesei en febreiro de 2007, e roga que nos ciñamos a Orde do Día e sexamos máis concretos.



A continuación o Sr. Manuel Cendán Fernández, presenta duas emendas o orzamento a primeira é dotar a asignación dos grupos políticos na contaía de 23.328 Euros, quitandose da partida de proxectos (69678,08.- Euros), e a segunda incluir a achega municipal para as obras do Plan PRODER, que consisten en tres parques infantis: Porto, Lubre e Cervás, o importe é de 33464 Euros, e quitanse da partida de Terreos (266535,06.- Euros).

Sometida a votación a primeira emenda do Partido Popular a mesma é a aprobada por maioría de 11 votos a favor (5PSde-G PSOE, 5 P.P e 1 NAL) e 2 abstencións (2 BNG).

Sometida a votación a segunda emenda do Partido Popular a mesma é a aprobada por maioría de 11 votos a favor (5PSde-G PSOE, 5 P.P e 1 NAL) e 2 abstencións (2 BNG).

Acto seguido sometese a votación o orzamento o cal é aprobado por cinco votos a favor do PSde G-PSOE, 5 Abstencións do P.P. e 3 votos en contra (2 BNG e 1 NAL).

1º.- Aprobar con carácter inicial o orzamento para o exercicio de 2008, plantilla de persoal e relación de postos de traballo.

2º.- De conformidade co artigo 169 por remisión do 177 do R.D.L 2/2004 de 5 de marzo, expoñer a información pública o orzamento, plantilla e relación de postos de traballo polo prazo de quince días mediante Edicto publicado no B.O.P.

3º.- No caso de ausencia de reclamacións-alegacións o presente acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo.

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.801.147,41 €
2	Gastos de bens correntes e de servizos	1.848.626,19 €
3	Gastos financeiros	131.737,35 €
4	Transferencias correntes	70.132,08 €
5		0,00 €
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	3.851.643,03 €
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	2.377.910,76 €
7	Transferencias de capital	102.350,77 €
8	Activos financeiros	10.248,15 €
9	Pasivos financeiros	172.681,12 €
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	2.663.190,80 €



TOTAL GASTOS	6.514.833,83 €
---------------------	-----------------------

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	1.170.613,50 €
2	Impostos indirectos	1.000.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	928.001,36 €
4	Transferencias correntes	1.345.879,27 €
5	Ingresos patrimoniais	64.030,43 €
	TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	4.508.524,56 €
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Enajenación investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	929.195,59 €
8	Activos financeiros	10.266,15 €
9	Pasivos financeiros	1.066.847,53 €
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	2.006.309,27 €
	TOTAL INGRESOS	6.514.833,83 €

Na citada sesión, tamén se acordou aprobar a plantilla do persoal funcionario, laboral e eventual para o 2008 a cal é a que se detalla a continuación:

FUNCIONARIO DE CARREIRA

CATEGORÍA	Nº	GRUPO	SUBGRUPO	ESCALA	SITUACIÓN
Secretario	1	A	A-2	H. Nacional	Propiedade
Interventor	1	A	A-1	H. Nacional	Vacante
Tesorera	1	A	A-2	Ad. Xeral	Propiedade
Administrativo	3	C	C-1	Ad. Xeral	· 2 Propiedade · 1 Vacante
Auxiliar Advo	3	C	C-2	· 2 Admon Xeral · 1 Admon Esp.	Propiedade
Cabo Policía Local	1	C	C1	Admon Esp.	Propiedade
Policía Local	3	C	C1	Admon Esp.	· 1 Propiedade · 2 Vacantes
Auxiliar Policía Local	1	C	C1		Interino
Xerente Coordinador Urbanismo	1	C	C-1 C-2	Admon Xeral	Libre Designación. Vacante



PERSOAL LABORAL FIXO

CATEGORÍA	CANTIDADE	SITUACIÓN
Capataz	1	Propiedade
Chófer Vehículos Municipales	1	Propiedade
Oficial de Primera	5	Propiedade
Conserxe EXB	1	Propiedade
Director Técnico Deportivo	1	Propiedade
Arquitecto Técnico	2	Propiedade
Limpadoras	3	Propiedade

PERSOAL LABORAL TEMPORAL

CATEGORÍA	CANTIDADE	SITUACIÓN
Asistente Social	1	Temporal
Auxiliares Serv. Sociais	10	Temporal
Educador Social	1	Vacante
Axente Desemrolo Local	1	Temporal
Auxiliar Biblioteca	1	Temporal
Animador Socio-Cultural	1	Temporal
Auxiliar Advo Rexistro	1	Vacante
Auxiliar Advo Ludoteca	1	Vacante
Auxiliar Advo Urbanismo	1	Vacante
Auxiliar Informática	1	Temporal
Auxiliar Advo Obras	1	Temporal
Auxiliares Policía Local	4 (6 meses)	Vacantes
Socorrista Servizo Praias	3 (2,5 meses)	Vacantes
Peóns Limpeza Praias	5 (3 meses)	Vacantes
Auxiliar Policía Local	1	Temporal
Auxiliar 3ª Idade	1	Temporal
Bibliotecario	2 (6 meses)	Vacante

PERSOAL DE CONFIANZA

- Auxiliar Administrativo.
- Periodista.

Sendo as 15,20 horas retirase da sesión o Sr. Echevarria Lage.



PUNTO NÚM. 6.- ADHESIÓN O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.-

Vista a proposta do "Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade", orientada a contribuir dende o noso propio ámbito ó desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, mediante a creación dun fondo económico que financie proxectos de axuda ós países en vías de desenvolvemento e campañas de sensibilización en Galicia sobre a cooperación e a solidariedade internacional,

O Pleno do Concello de Ares por 8 votos a favor 5 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 NAL e cantro abstencións do P.P. adopta o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Manifestar a adhesión desta Corporación ó FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

Segundo.- Asumir o compromiso de dotar presupuestariamente unha partida, como achega anual ó Fondo Galego, con destino ó financiamento de proxectos aprobados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e de conformidade co correspondente Baremo de cotas que aprobe a Asemblea xeral de socios.

Terceiro.- Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello respecto do Terceiro Mundo para aproximarse ó 0,7 % do orzamento ordinario recomendado polas Nacións Unidas.

Cuarto. Facultar ó Alcalde-Presidente para que designe un representante do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Quinto.- Notificar estes acordos ó Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Na explicación de voto o Sr. Rodríguez Doval, explica o seu voto favorable expoñendo que se trataba de remotar unha situación xa aprobada no seu día.

PUNTO NÚM. 7.- APROBACIÓN SE PROCEDE CONVENIO, REVISION DO SISTEMA DE PAGO E DO PREZO DO SUMINISTRO DA AUGA POTABLE POLO CONCELLO DE FERROL.

Dada conta da proposta de Convenio para Revisión do Sistema de Pago e do Prezo do Suministro da Auga Potable polo Concello de Ferrol que seguidamente se transcribe:



CONVENIO DE REVISION DEL SISTEMA DE PAGO Y DEL PRECIO DE SUMINISTRO DE AGUA POTABLE AL CONCELLO DE ARES POR EL CONCELLO DE FERROL.

En el Palacio Municipal de FERROL, a _____, de dos mil siete, para concretar el sistema de pago y el precio del suministro de agua potable que el Concello de FERROL viene suministrando al concello de ARES, comparecen:

En representación del Concello de FERROL, D. Vicente Luis Irisarri Castro, con D.N.I. número 35.981.833-N, Alcalde-Presidente del Excmo. Concello de FERROL, asistido del Secretario del Concello de FERROL D. Leopoldo Moure García.

En representación del Concello de ARES, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Con D.N.I. núm. _____, Alcalde-Presidente del Excmo. Concello de ARES, asistido del Secretario del Concello de ARES D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Las partes reconocen tener capacidad suficiente para comprometerse en este acto, en nombre de los organismos que representan y,

EXPONEN

1.- Que tanto el Concello de FERROL como el Concello de ARES están de acuerdo en concretar por medio del presente convenio el sistema de pago y el precio del suministro de agua potable que el Concello de FERROL viene suministrando al Concello de ARES, y que tiene como antecedentes inmediatos el acuerdo suscrito el 31 de octubre de 1988 entre ambos entes locales otros antecedentes anteriores, y el acuerdo de 4 de noviembre de 2003.

2.- Que las dos administraciones han convenido un nuevo sistema de pago y un precio para el agua suministrada, por lo que formalizan el presente contrato con arreglo a las siguientes cláusulas:

CLAUSULAS:

1.- Objeto del contrato.

Es objeto de este contrato la revisión del sistema de pago y el precio del suministro de agua potable al Concello de ARES por el Concello de FERROL, abastecimiento que se viene prestando a través de la red de conducción procedente de la estación de tratamiento de agua potable y de los depósitos sitos en Santa Marina y Catabois a la red de distribución propia del Concello de ARES, así como la medición del suministro y facturación al Concello de ARES.

2ª.- Cuantificación del suministro.



La determinación de los metros cúbicos suministrados se realizará mediante lecturas mensuales conjuntas por parte de personal del Concello de ARES y de EMAFESA de los contadores generales siguientes:

- * Contador general conjunto de ARES y MUGARDOS, situado en Maniños.
- * Contador general de ARES.
- * Contador general de MUGARDOS.

Estas lecturas serán la base de la liquidación que se realice mensualmente.

Las diferencias que se registren entre el volumen de agua medido en el contador situado en el entronque con la red de Fene y la suma de los caudales medidos en los contadores individuales de Ares y MugarDOS se prorrateará entre ambos Concellos en proporción a las mediciones de sus respectivos contadores.

Si por cualquier causa uno de los contadores generales estuviese averiado, siendo imposible la medición del consumo, se facturará la media de los consumos registrados por el contador los últimos seis meses.

La reparación, revisión, mantenimiento o reposición del contador será por cuenta del Concello de ARES, realizándose estas operaciones en un plazo máximo de dos meses.

3ª.- Precio del suministro

Partiendo de un IPC interanual del 3% los precios en Euros por metro cúbico fijados para cada año son los siguientes:

AÑO	PRECIO
2.007	0,100000
2.008	0,106000
2.009	0,125080
2.010	0,145093
2.011	0,165406
2.012	0,173891

4ª.Revisión de precios.

Si las condiciones del suministro no varían en lo que respecta a la captación, conducción y tratamiento del agua suministrada, y en el supuesto de que el IPC fuese



superior o inferior al 3% considerado, los precios anteriores se actualizarán de la siguiente manera:

El del año 2008 con el IPC interanual publicado por el INE correspondiente al 31 de diciembre de 2007 incrementado en 3 puntos básicos.

El del año 2009 con el IPC interanual publicado por el INE correspondiente al 31 de diciembre de 2008 incrementado en 15 puntos básicos.

El del año 2010 con el IPC interanual publicado por el INE correspondiente al 31 de diciembre de 2009 incrementado en 13 puntos básicos.

El del año 2011 con el IPC interanual publicado por el INE correspondiente al 31 de diciembre de 2010 incrementado en 11 puntos básicos.

El el año 2012 con el IPC interanual publicado por el INE correspondiente al 31 de diciembre de 2011 incrementado en 2,13 puntos básicos.

En los años siguientes la actualización será de acuerdo con el IPC interanual publicado por el Instituto Nacional de Estadística correspondiente al mes de Diciembre del año anterior.

Sin perjuicio de lo establecido en el párrafo anterior, en el caso de situaciones extraordinarias debidas a condiciones excepcionales, incluidas las sectoriales de los trabajadores, que pudiesen incrementar el coste de producción del agua, o cuando se produzcan variaciones importantes de las características del servicio por ampliaciones o incorporación de nuevas instalaciones, se aplicarán las subidas pertinentes. Dichas subidas se repercutirán proporcionalmente al volumen de agua consumida por el Concello de ARES, en relación al volumen de agua tratada en la ETAP. En ningún caso las subidas serán discriminatorias para el Concello de ARES en relación a las que el Concello de Ferrol aplique al resto de los concellos a los que suministra agua.

Este contrato entra en vigor a partir del 1 de enero del año 2007 y tendrá una duración de diez años prorrogables tácitamente por períodos de igual duración si ninguna de las partes denuncia el término del contrato o de cualquiera de sus prórrogas con una antelación de tres meses. Cada una de las prórrogas llevará implícita la revisión del precio aplicando el Índice de Precios al Consumo interanual publicado por el Instituto Nacional de Estadística correspondiente al mes de Diciembre.

6ª.- Liquidaciones y forma de pago.

Mensualmente se procederá de manera conjunta por parte de personal o entidad designada por los Concellos de ARES y de FERROL a la lectura de los consumos registrados por los contadores generales de la red de ARES.



El Concello de FERROL remitirá, por sí, o a través de la entidad designada al efecto, factura al Concello de ARES, que en caso de conformidad deberá abonar dicha factura en el plazo de 90 días a partir de la fecha de la factura, a partir de cuyo plazo la deuda devengará el interés señalado en la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas a favor del Concello de FERROL, sin necesidad expresa de denuncia de demora.

7ª.- El resto de los aspectos del suministro de agua de FERROL a ARES (garantía de suministro, suministro en caso de restricciones, condiciones de potabilidad, salubridad y cloración del agua etc.....) se seguirán rigiendo por lo dispuesto en el convenio de 1988.

8ª. Las dos administraciones efectuarán todos los trámites administrativos que resulten procedentes y promoverán todos los acuerdos que resulten necesarios para la efectividad de lo estipulado en el presente convenio su adecuación estricta a la legalidad vigente.

9ª.- La validez y eficacia de este Contrato queda condicionada a la aprobación que deben efectuar los Plenos Municipales de los Concellos de Ferrol y Ares.

10ª.- Jurisdicción y competencia.

Para todas las cuestiones derivadas de la interpretación, ejecución y cumplimiento del presente contrato, las partes con renuncia expresa de su fuero propio, se someten a la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Y en prueba de conformidad con lo expuesto, las partes firman el presente documento por duplicado y a un solo efectos el _____ de diciembre de dos mil siete."

O Sr. Rodríguez Doval, ratificase en que vause a abster, o Sr. Luis Cendán Fernández, que quedou aclarado que no ano 2002 xa había asinado o Convenio con EMAFESA.

O Concello Pleno por 6 votos a favor (5 PSdeG-PSOE E 1 NAL) e 6 abstencións 4 P.P. e 2 B.N.G., acorda presta-la súa aprobación ó Convenio anteriormente transcrito e facultar o Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, para a sinatura do mesmo.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 8.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDIA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.



De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 9.- MOCIONS E PROPOSTAS.-

Non hai

Seguidamente e antes de entrar no punto de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os Portavoces dos Grupos Municipais, se por razón de urxencia teñen algunha Moción para someter á consideración do Pleno pola Via de Urxencia.

Non se presenta ningunha.

PUNTO NÚM. 10.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E non tendo máis para tratar e sendo as quince horas e vintecatro minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,